



Concello
de AMES



Federación Galega de Municipios e
Provincias (FEGAMP)
Área Central, rúa de Varsovia, 4C
15707 Santiago de Compostela


Xunto se remite certificación de acordo plenario de 30 de marzo de 2017, polo que se presta aprobación á proposta de Pacto x Ames (R.E. núm. 000/2688 de 21 de marzo de 2017), de colaboración co equipo de científicos do CHUS na campaña para a obtención de fondos para seguir investigando no programa de investigación sobre a biopsia líquida.

Ames, 5 de abril de 2017

O alcalde

José M. Miñones Conde







Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que o Pleno do Concello de Ames, na súa sesión ordinaria celebrada o día 30 de marzo de 2017, adoptou entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

Punto Noveno.- Proposta de Pacto x Ames (R.E. núm. 000/2688 de 21 de marzo de 2017), de colaboración co equipo de científicos do CHUS na campaña para a obtención de fondos para seguir investigando no programa de investigación sobre a biopsia líquida.

(.....)

Rematadas as intervencións, o Pleno da Corporación por unanimidade dos seus membros presentes, presta aprobación á proposta de Pacto x Ames (R.E. núm. 000/2688 de 21 de marzo de 2017), de colaboración co equipo de científicos do CHUS na campaña para a obtención de fondos para seguir investigando no programa de investigación sobre a biopsia líquida, que é do teor literal seguinte:

O pasado mes de xaneiro, o grupo de oncoloxía médica do CHUS foi noticia por dúas cuestións importantes áinda que ben distintas.

A primeira é moi positiva, xa que este grupo formado por 13 oncólogos e outros 50 profesionais, están en condicións de aplicar en doentes con tumores unha nova técnica pouco agresiva consistente na extracción dunha mostra de sangue que permitiría estudar dun xeito máis rápido a evolución dun tumor e si o tratamento está sendo axeitado. De feito, no Clínico Universitario de Santiago xa se está aplicando en doentes con metástases de cancro colorrectal.

Segundo manifestou este equipo de científicos, esta técnica "vai a revolucionar a oncoloxía"

A segunda é negativa porque para poder seguir desenvolvendo todas estas investigacións, fai falta unha dotación económica da que non se dispón, de aí que puxeran en marcha unha campaña para recadar os fondos suficientes para seguir coa investigación.

Dende as distintas administracións públicas, o esforzo en investimentos para este tipo de cuestións está moi por debaixo do que sería deseable, de aí que se teñan que desenvolver campañas de colaboración cidadá como esta.

Dende PxA considérase necesario dar un pulo a esta investigación que, sen dúbida, redundará en beneficio de toda a sociedade. Dende as administracións locais podemos e debemos levar a iniciativa de xeito que os cargos electos impulsen esta iniciativa mediante unha dobre vía, por un lado aportando unha pequena cantidade económica e segundo, promovendo esta iniciativa entre a veciñanza.

Así, dende PxA, consideramos que que todos os cargos electos e persoal de confianza do Concello de Ames poderían, de forma voluntaria, contribuír a esta causa cedendo o importe equivalente a unha comisión informativa, deste xeito e con este exemplo, animaríamos a outros concellos, deputados provinciais e autonómicos, a mobilizarse por unha causa xusta que de seguro tería efecto cascada no resto da sociedade.

Por todo o exposto, dende o Grupo Municipal de PxA sometemos a consideración plenaria a seguinte **propuesta**:

1. Que o alcalde de Ames, na súa condición de vogal na COMISIÓN DE MOVILIDAD Y ACCESIBILIDAD na Federación Española de Municipios e Provincias, impulse esta iniciativa de xeito que se traslade a todos os concellos e deputacións de Galicia e de España.
2. Que o Concello de Ames remita este acordo a FGAMP e ao Parlamento Galego para que se unan a esta iniciativa.
3. Que o Concello de Ames, informe, promova e anime a participar a toda a veciñanza e forzas vivas de Ames desta iniciativa.

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente certificación co visto e prace do señor alcalde en Ames, a 4 de abril de 2017, e coa advertencia de que non foi aprobada áinda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace

O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo